



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE O VALADOURO E ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS VALADOURO-ALFOZ**

Reunidos en O Valadouro a 1 de diciembre de 2020.

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Edmundo Maseda Maseda en representación deste Concello con CIF P2706300G con domicilio en Rúa Feira Nova, 1. 27770 O Valadouro. Lugo

E doutra parte:

Dona Lucía López Tallón , maior de idade, con NIF .....018B, na súa calidade de Presidente da Asociación Protectora de Animais Valadouro-Alfoz, á que representa no presente acto, con CIF G27447663.

Ambas as partes recoñécense mutua e recíprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este acto e libremente:

### **EXPOÑEN**

PRIMEIRO: Que a Asociación Protectora de Animais Valadouro- Alfoz ten por obxecto a recollida de animais abandonados sen ánimo de lucro.

SEGUNDO: Que o Concello do Valadouro considera o interese público e social da actividade da Asociación Protectora de Animais Valadouro- Alfoz.

TERCEIRO: Que a Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, posibilita no artigo 25, as funcións de promoción e estímulo de actividades de interese local.

CUARTO: Que na modificación do Orzamento do Concello do Valadouro (modalidade suplemento de crédito con cargo ao remanente de tesourería para o exercicio 2020) recóllese a creación da partida 311. 48 , para os gastos derivados da recollida de animais abandonados durante a pandemia ocasionada polo virus SARS-CoV-2, causante da doenza COVID-19.

En virtude do exposto, as partes acordan celebrar o presente Convenio de



Colaboración de conformidade coas seguintes

## CLÁUSULAS

— Que a subvención concedida ten como finalidade o financiamento dos gastos da recollida de animais abandonados pola Asociación Protectora de Animais Valadouro – Alfoz no ano 2020, e o outorgamiento da axuda económica vén condicionada na Resolución de Alcaldía 409/2020 á firma do presente Convenio, polo que o beneficiario comprométese ao seguinte:

- Realización da actividade programada, segundo o definido na cláusula anterior e de conformidade co seguinte orzamento:

Concepto	Importe
Centro Veterinario A Marosa	1.031,77 €

-Proporcionar o persoal necesario para o normal funcionamento da actividade, xa sexa voluntario ou contratado, ocupándose neste último caso das obrigacións que leva aparelladas.

- Someter as actuacións de comprobación e organización, que os órganos competentes do Concello realicen.

- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.

- Facer constar de forma clara que a actividade está subvencionada ou patrocinada polo Concello, nos exemplares dos programas, carteis, convocatorias de actividades e en toda a información gráfica, escrita e sonora que se realice con motivo do programa.

- Presentar antes do día 31 de decembro de 2020 no rexistro xeral do Concello a documentación xustificativa, de acordo co previsto no artigo 72 do Real Decreto 887/2006, do 1 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeneral de Subvencións

- Facturas xustificativas dos gastos efectuados. Ditas facturas deberán estar expedidas a nome da Asociación ou no seu caso a cargo do Presidente da agrupación sen personalidade xurídica.

Calquera outro medio de xustificación de valor probatorio con validez no tráfico xurídico mercantil que acrediten, en todo caso, a realización da actividade obxecto de subvención,

-Memoria detallada da actividade desenvolta e declaración de ter cumprido



o obxecto da subvención.

-Relación de ingresos e gastos da actividade.

-Relación no seu caso doutras axudas concedidas á Asociación para a mesma actividade.”

SEGUNDA: Que o Concello do Valadouro comprométese a:

Achegar a cantidade económica de 1.000 € de conformidade, coa finalidade de colaborar nos gastos derivados da recollida de animais abandonados da Asociación Protectora de Animais Valadouro-Alfoz.

Consideraranse gastos a subvencionar de acordo cos fins recolleitos no presente convenio, aqueles gastos que resulten inherentes ao desenvolvemento dos gastos nos que se basea a concesión da axuda, que sexan imprescindibles para o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención.

Atendendo as especiais circunstancias que concorren nas instalacións da devandita Asociación os gastos subvencionables deste exercicio serán os que reflectan a coidados de animais sen fogar recollidos no ano 2019/2020 e a identificación dos animais atopados no ano 2020 a través de chip

Non serán gastos subvencionables os intereses debedores de contas bancarias, os impostos, taxas, recargas e sancións administrativas ou penais, e os gastos de procedementos xudiciais.

Os gastos subvencionables deberán producirse e realizarse dentro do prazo comprendido entre o día 1 de xaneiro de 2020 e o día 10 de decembro de 2020, ambos os dous incluídos.

TERCEIRA: Establécese a obrigaición por parte da Asociación Protectora de Animais Valadouro- Alfóz de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigaicións establecidas para a concesión e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e nos artigos 74 a 76 do Real Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

CUARTA: De acordo co recollido no artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a percepción da presente axuda será compatible coa doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

QUINTA: O pago íntegro da subvención realizarase con carácter xeral previa xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou



adopción do comportamento para o que se concedeu.

SEXTA: No non previsto neste Convenio atenderase ao disposto nas bases de concesión de subvencións contidas nas Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello do Valadouro para o exercicio de 2017, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no Real Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións e Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións. Igualmente no tocante ao carácter xurídico deste convenio atenderase ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No Valadouro, -----

O Alcalde-Presidente.

A Presidenta da Asociación

Asdo. Edmundo Maseda Maseda

Asdo. Lucía López Tallón

A Secretaria-Interventora

Asdo. Regina Blanco Martínez